



Concello de Vigo

## **JOSE VILLÁN FUERTES, SECRETARIO DA COMISIÓN INFORMATIVA DE ORZAMENTOS E FACENDA**

**CERTIFICO:** Que a Comisión Informativa de Orzamentos e Facenda, na súa sesión ordinaria do 20 de maio do 2024, ditaminou a seguinte proposta:

### **3. APROBACIÓN DA CONTA XERAL DO CONCELLO DE VIGO E DO ORGANISMO AUTÓNOMO DA XERENCIA MUNICIPAL DE URBANISMO, CORRESPONDENTE AO ANO 2023. EXPTE. 279/143 (EXPEDIENTE PLENO 4406/1101).**

A Comisión Informativa de Orzamentos e Facenda somete a votación, de conformidade co acordo adoptado polo Pleno en sesión do 1.07.19, e por seis votos a favor do Grupo Municipal Socialista, unha abstención do Grupo Municipal do Partido Popular e un voto en contra do Grupo Municipal do BNG, queda ditaminada favorablemente a proposta para a aprobación da Conta Xeral.

“Unha vez formada a Conta Xeral correspondente ao Orzamento do ano 2023, e rendida polo Excelentísimo Sr. Alcalde-Presidente, ao obxecto de dar cumprimento aos requisitos previstos no artigo 212 do texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais (TRLRFL), aprobado polo Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, propónse a Comisión Especial de Contas, a adopción do seguinte ditame:

- Traspasar a resultados pendentes de aplicación, o saldo debedor ou acredor en cada caso da conta 129 (Resultados do exercicio 2022), correspondente á Entidade Local, saldo acredor 44.849.216,06 euros e Organismo Autónomo Xerencia Municipal de Urbanismo, saldo acredor 459.825,31 euros, á conta 120 (Resultados de Exercicios anteriores).
- Aprobar a dotación de amortizacións na Entidade por unha contía de 7.707.505,80 euros e 7.751.024 euros nos estados consolidados.
- En aplicación do previsto na Base 54ª das de Execución do Orzamento, aprobar a dotación a saldos de dereitos de difícil recadación por unha contía de 35.243.979,34 euros na Entidade é 36.706.435,05 euros para os estados consolidados.
- Ditaminar a Conta Xeral do Excmo. Concello de Vigo, integrada pola Conta da Entidade e a do seu Organismo Autónomo, Xerencia Municipal de Urbanismo



|                                                                                                                                                                                                  |                                            |               |
|--------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|--------------------------------------------|---------------|
| Copia do documento - Concello de Vigo                                                                                                                                                            | Data impresión: 27/05/2024 07:47           | Páxina 1 de 3 |
| 279-143                                                                                                                                                                                          | CSV: AHA342-8EAC57-4FDE81-CSC4CT-9PG3QC-FD |               |
| Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a> |                                            |               |

correspondente ao ano 2023, composta polos seguintes estados e contas anuais:

- Balance.
- Conta de resultado económico-patrimonial.
- Estado de cambios no Patrimonio Neto.
- Estado de fluxos de efectivo.
- Estado de liquidación do Orzamento e a Memoria e demais estados complementarios.
- Memoria, coa desagregación que establece Orde HAP/1781/2013, de 20 de setembro, pola que se aproba a Instrución do modelo normal de Contabilidade Local e coas explicacións e comentarios máis salientables dos feitos contables, financeiros e patrimoniais que aconteceron ao longo do ano 2023.
- Os estados consolidados do grupo de consolidación de acordo ao previsto na Lei Orgánica 2/2012, de estabilidade Orzamentaria e sostibilidade financeira que serán enviados ao Consello de Contas de Galicia.

e) Unha vez ditaminada, someter a mesma aos requisitos de publicidade e demais trámites que esixe o art. 212.3, e 4 do TRLRFL e a Lei galega.

De non presentarse reclamación algunha perante o período de exposición, polo Sr. Secretario da Comisión, previa certificación que acredite o anterior, se remitirá á Secretaría do Pleno todo o expediente para a súa inclusión na orde do día do Pleno para a súa aprobación, e posterior remisión ao Tribunal de Contas e ao Consello de Contas de Galicia antes do 15 de outubro, data prevista no artigo 223 do TRLRFL. De terse recibido reclamación durante o prazo establecido, se informarán, e a Comisión Especial de Contas, formulará proposta ao Pleno da Corporación para a súa aprobación antes do día 1 de outubro.

A remisión ao Tribunal de Contas e ao Consello de Contas de Galicia, farase segundo a Instrución que regula a rendición telemática da Conta Xeral das Entidades Locais e o formato da devandita conta, a partir da correspondente ao exercicio 2015. TEXTO CONSOLIDADO aprobado polo Pleno do Tribunal de Contas o 16 de decembro de 2019. Aplicable á rendición das Contas Xerais a partir das correspondentes ao exercicio 2019.

Resolución de 15 de xaneiro de 2020, da Presidencia do Tribunal de Contas, pola que se publica o Acordo do Pleno de 19 de decembro de 2019, polo que se modifica a Instrución que regula a rendición telemática da Conta Xeral das Entidades Locais e o formato da devandita conta, a partir da correspondente ao exercicio 2015, aprobada



|                                                                                                                                                                                                  |                                            |               |
|--------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|--------------------------------------------|---------------|
| Copia do documento - Concello de Vigo                                                                                                                                                            | Data impresión: 27/05/2024 07:47           | Páxina 2 de 3 |
| 279-143                                                                                                                                                                                          | CSV: AHA342-8EAC57-4FDE81-CSC4CT-9PG3QC-FD |               |
| Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a> |                                            |               |

por Acordo do Pleno de 26 de novembro de 2015. (B.Ou.E. núm. 15, de 17 de xaneiro de 2020).

Instrución que regula a rendición telemática da Conta Xeral das Entidades Locais e o formato da devandita conta, a partir da correspondente ao exercicio 2015.

Instrución que regula o formato da Conta Xeral das Entidades Locais en soporte informático e o procedemento telemático para a rendición de contas (aplicable para as Contas correspondentes ao exercicio 2014 e anteriores)."

E para que conste e a efectos da súa inclusión na orde do día do Pleno da Corporación, expido a presente en Vigo, á data de sinatura dixital.  
sc



|                                                                                                                                                                                                  |                                            |               |
|--------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|--------------------------------------------|---------------|
| Copia do documento - Concello de Vigo                                                                                                                                                            | Data impresión: 27/05/2024 07:47           | Páxina 3 de 3 |
| 279-143                                                                                                                                                                                          | CSV: AHA342-8EAC57-4FDE81-CSC4CT-9PG3QC-FD |               |
| Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a> |                                            |               |